

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

X. L. Regueira (2008): “Cambios fonolóxicos no galego actual”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 275-286.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

CAMBIOS FONOLÓXICOS NO GALEGO ACTUAL

Xosé Luís Regueira

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

1. Introducción

A idea de que existe unha estreita conexión entre a lingua e a sociedade que a utiliza é compartida pola xeneralidade dos lingüistas, ben sexa baixo a forma de que “a lingua reflicte a sociedade”, de que a lingua crea determinadas realidades sociais (por exemplo, nos estudos de xénero acéptase xeralmente que a lingua crea divisións, e eventualmente discriminacións, de xénero), ou ben que existe unha interconexión entre lingua e estrutura social. Dun xeito ou doutro, destas ideas séguese que os cambios que afecten á comunidade lingüística, á súa estrutura e ás condicións en que vive, terán, inevitablemente, repercusións na lingua da comunidade.

Nos últimos cen anos a sociedade galega coñeceu cambios de gran magnitude, que afectaron á súa estrutura e súas condicións de vida, tanto materiais coma ideolóxicas (incluíndo aquí crenzas e valores). As relacións sociais víronse modificadas, nalgúns casos de maneira moi forte, mesmo as relacións dentro dos grupos máis reducidos (veciños, familia). Isto ten o seu correlato en cambios lingüísticos evidentes: desaparición de léxico tradicional relacionado cos antigos modos de produción (oficios, labranza, pesca) e a aparición dun léxico novo (normalmente importado a través do español), cambios na expresión da cortesía lingüística, aparición de novos tipos textuais e desaparición doutros (literatura oral tradicional, p.e.), modificacións sintácticas, perda de elementos ou formas moi afastadas do español (e do galego estándar), etc.

Tamén se produciron, e se estenderon, outros cambios menos visibles, en canto que afectan á fonoloxía. Algúns destes cambios foron observados xa en estudos anteriores, como os que afectan á fonoloxía das vogais pretónicas. Precisamente, foi o profesor Santamarina o primeiro que interpretou a situación das vogais pretónicas como unha situación de cambio lingüístico. Este é con certa seguridade un cambio relativamente recente. Non é posible determinar cando se iniciou este proceso, aínda que hai indicios de que se estendeu ao longo de varias xeracións. Outras modificacións que se producen no terreo da sílaba, ao ser esta unha área que poucas veces é tocada nos estudos tradicionais, e ao ser debidos ao desenvolvemento de novas variedades da lingua asociadas ao proceso de normalización, son coñecidas, pero poucas veces tratadas como innovacións. E finalmente hai outros cambios que están en curso ou mesmo en estados iniciais e en xeral aínda son difíciles de percibir como tales, como acontece con algunhas modificacións na estrutura prosódica das palabras, do que presento aquí un exemplo.

Nesta breve contribución pretendo afondar na descrición e na explicación dalgunha destas innovacións que se produciron nos últimos tempos no galego, demostrando que son cambios que afectan ao sistema fonolóxico, para fornecer, sempre que sexa posible, unha explicación no marco da fonoloxía de restricións, coñecida como Teoría da Optimidade (OT, nas súas siglas en inglés).

2. O vocalismo pretónico

Foi Antón Santamarina quen, na súa coñecida monografía sobre o verbo (Santamarina 1974), avanzou a idea dun cambio fonolóxico no vocalismo pretónico do galego, ao interpretar as diverxencias de comportamento da vogal radical entre os verbos do tipo *ac[ɔ]rdo – ac[o]rdamos* e os do tipo *c[ɔ]co – c[ɔ]camos* como mostra da “existencia de dos sistemas: uno, antigo, en el que se operaba la neutralización; otro, moderno, en el cual la neutralización ya no opera” (p. 12). Na súa tese de doutoramento (Santamarina 1972: 21) constatara, ademais, que na fala de Suarna numerosos derivados de palabras con vogal media baixa tónica mantiñan o timbre da vogal cando quedaba en posición pretónica.

Esta idea viña a completar e mellorar a análise de Amable Veiga, quen, no primeiro estudo estrutural do vocalismo galego, concluíra que no vocalismo pretónico se producía unha neutralización de tipo reductivo entre vogais medias abertas e vogais medias pechadas, a partir do comportamento das vogais radicais en casos como *podó [ɔ] / podemos [o]*, *peto [ɛ] / petamos [e]* (Veiga 1965: 396-398; 1976: 47-49).

A análise de Veiga foi recollida por Carballo Calero, a partir da 4 edición da súa gramática (Carballo 1974: 107), aínda que de forma un tanto contradictoria, xa que ao tempo defende que “el timbre puede reactivarse” “para evitar equívocos” e tamén entre derivados “estrechamente sentidos como modalidades de sus primitivos” (p. 103).

Aínda que o modelo de cinco vogais pretónicas apareceu nalgúns traballos posteriores, a partir de 1974 os principais estudos de falas e as gramáticas concordaron en presentar un sistema de sete fonemas pretónicos (p.e. Porto Dapena 1977: 110; Taboada 1979: 27-32). En particular, Taboada sitúase na liña de Santamarina, aínda sen citalo, ao suxerir que, a pesar da redución vocálica postulada no latín vulgar, “pudo haberse producido una ‘fonologización’ en períodos posteriores en las vocales de abertura media o, hablando en términos estrictamente fonéticos, de una ‘reactivación del timbre’” (p. 28).

Os datos que podemos extraer do material lingüístico dispoñible veñen a confirmar esta hipótese. Sen dúbida a mellor e máis completa fonte de información fonética sobre o galego é a base de datos do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), que se pode complementar co Arquivo Lexicográfico da Lingua Galega, ambas elaboradas polo Instituto da Lingua Galega. Este arquivo incorpora datos de case a totalidade das publicacións sobre o galego falado, así como numerosos traballos inéditos realizados na universidade compostelá. Tanto estes traballos coma o propio ALGa procuraban un modelo de lingua moi conservadora, en xeral con informantes de áreas rurais de idades comprendidas entre os 40 e os 70 anos (ILG 1990: 10-11). Por outra parte, un traballo aínda non concluído sobre o estándar fónico do galego, levoume a realizar enquisas de pronuncia a falantes de formación universitaria procedentes de diferentes lugares de Galicia e con modelos de galego relativamente conservadores. Estas enquisas foron realizadas durante os últimos anos a informantes de entre 25 e 55 anos, con poucas excepcións. Segundo o problema suscitado pola palabra en cuestión a enquisa podía ser máis ou menos ampla, movéndose entre 5 e 25 informantes. Tratábase de obter informacións fiables sobre a pronuncia que permitisen observar patróns de comportamento fónico, e non tanto de conseguir información cuantitativa, de aí o reducido do número de informantes. Se tomamos en consideración que as enquisas para o ALGa se realizaron entre 1974 e 1976, e que moitos dos datos do Arquivo proceden de teses ou tesinas de finais dos anos 60 e dos anos 70, e por outro lado que agora os confrontamos con falantes actuais de 25 anos, obtemos unha profundidade temporal que nos permite, nalgúns casos, percibir indicios de cambio: o que os funcionalistas franceses da escola de Martinet chamaron “épaisseur synchronique” (Houdebine 1985).

Tomemos, por caso, 4 formas como *taberneiro*, *roseira*, *porteiro* e *obreiro*, todas elas derivadas de palabras con vogais medias baixas [ɛ] e [ɔ] tónicas. Delas a única

que aparece ben representada no ALGa é *obreiro*, que se rexistrou en 106 puntos (e en 17 na expresión *abella obreira*). Deles, en 105 responderon [o'βrejro] (e 16 *abella [o]breira*), e só nun lugar a resposta foi [ɔ'βrejro] (A Pobra de San Xián –Láncara–) (e noutro *abella [ɔ]breira*, A Feira do Monte –Cospeito–). Nas enquisas os resultados foron de 5 para a vogal media baixa e 4 para [o]. Ademais, aínda sen contar con datos suficientes, parece que esta é a forma maioritaria na xente nova.

Na fala popular tamén *roseira* tiña como forma maioritaria [ro'ʃejra], como o indican os poucos datos que hai no ALGa sobre esta forma (6 [o] fronte a 2 [ɔ]), e tamén os datos recollidos de diferentes traballos que se encontran recollidos no Tesouro Lexicográfico da Lingua Galega ([o] en Compostela, Cuntis, Cabalar, Goián e tamén en Vilanova de Cerveira, fronte a [ɔ] en Sobrado); en dúas falantes de Goiriz (Vilalba) de idade semellante encontramos ambas pronuncias, [ro'ʃejra] e [rɔ'ʃejra]. Nas enquisas o balance é claramente favorable á variante con [ɔ], 15 fronte a 5.

Pola súa parte, *taberneiro* ten uns datos semellantes: na documentación dialectal predomina [taβe'nejro] (recollido en Boal, Cabalar, Monterroso, Montederramo, Oirós, Codeseda, Crecente, Burón e Xunqueira de Ambía) fronte a [taβe'nejro] (en Cariño e Cenlle), mentres que nas enquisas esta última é a forma de 18 informantes fronte a 5 para a forma con [e]. *Porteiro*, finalmente, parece encontrarse nun caso semellante, aínda que a información é menos abundante: [por'tejro] en Codeseda, Crecente e Burón, e tamén en 3 enquisas, fronte a [pɔr'tejro] en Compostela e mais en 6 informantes da enquisa.

A modificación fonolóxica que parece producirse nestes casos é o mantemento da vogal da raíz, ou o que é o mesmo a cancelación do proceso de elevación da vogal que se producía nestes casos ao quedar en posición átona. Desde unha gramática de construcións, coma a Teoría da Optimidade (ver máis adiante) podería explicarse coma un ascenso na xerarquía das construcións de Fidelidade (que obrigarían a que a raíz dos derivados fose “fiel” á raíz da palabra primitiva) en detrimento das que prefiren vogais medias altas en sílabas átonas. Mais non é preciso desenvolver aquí unha análise neses termos para comprender que estamos ante un cambio de sistema, describible nos termos avanzados por A. Santamarina hai xa máis de 30 anos: un sistema antigo, con neutralización, e outro innovador, con sete vogais.

Estes cambios non parecen producirse na fonoloxía do portugués, que segue presentando a redución vocálica nos derivados, como en *tab*[ɪ]rneiro, *r*[u]seira).

O caso de *obreiro* está relacionado tamén con outra mudanza recente: a preferencia polas vogais medias altas en sílaba inicial que carece de inicio e de coda, é dicir que está constituída soamente pola vogal en cuestión, coma en [ɔ]vación, [ɛ]dificio, [ɔ]mitir, [ɛ]mitir, etc. Que se trata dun cambio recente móstrao o feito de que as

(escasas) palabras patrimoniais con esa configuración presentan vogais medias altas ([o]vella, [o]rella), que se trata case sempre de palabras entradas por vía culta, e que se producen variacións entre a lingua máis conservadora e as novas fornadas de falantes.

Un destes casos é o de *obligar*, rexistrado con [o] na fala rural conservadora; na comarca de Vilalba aparece [o]βriγar en catro parroquias, e tamén o rexistra Couceiro en Feás (Regueira 1989: 31; Couceiro 1974: 75); a variante *obligar* rexístrase con [o] en 27 parroquias da zona de Vilalba, mentres que con [ɔ] só aparece en 4. Hoxe presenta vogal [ɔ] en 9 de 10 informantes.

No ALGa si aparecen respostas coas voces *oliva*, *olivo* e *oliveira*; se computamos o número de puntos de enquisa que fornecen cada resposta, os resultados son os seguintes:

[o]liβa]: 21 puntos	[o]liβejra]: 49 puntos	[o]liβo]: 23 puntos
[ɔ]liβa] 5 puntos	[ɔ]liβejra]: 7 puntos	[ɔ]liβo]: 2 puntos

Na enquisa só foron preguntadas *oliva* e *oliveira* a 10 informantes, e os resultados son mostran o avance das formas con [ɔ] (4 de 10). Sen contarmos con datos precisos, cremos que posiblemente a forma [ɔ]liβa] sexa xa maioritaria entre as xeracións máis novas.

Tamén parece estar en situación semellante *oficio*, do que temos menos información: rexístrase con [o] ou [u] inicial en catro parroquias de Vilalba, fronte a un informante con [ɔ]; hai que sumar tamén un rexistro con [o] no ALGa. Nas enquisas hai 1 [o] e 9 [ɔ]. Véxanse máis arriba tamén os datos de *obreiro*.

Unha cuestión ben interesante é que o portugués parece estar a experimentar un cambio semellante, aínda que non sempre coincidente. De feito, os cultismos máis recentes adáptanse con vogal media baixa ([ɛ]tílico, [ɔ]vário), aínda que parece ser máis abundante esta adaptación nas vogais posteriores ca nas anteriores, producíndose unha curiosa asimetría: [i]difício, [i]mitir fronte a [ɔ]vação, [ɔ]mitir¹. En calquera caso tamén ten [ɔ] inicial en *obligar*, *obrigado*, así coma en coma *oficio*, *oliva* ou *obreiro* (aínda que perviven algunhas variantes populares con vogal altas).

Parece claro que estas vogais baixas non corresponden coa fonoloxía histórica do portugués. Barbosa (1988: 352-353), ao comparar a pronuncia actual coas descrições fonéticas realizadas no século XIX por Gonçalves Viana, documenta a extensión das vogais medias baixas en posición pretónicas. O proceso de extensión destas vogais medias baixas parece recente: “É curioso observar que, aínda há cerca de

1 Esta asimetría é constatada tamén por Mascarenhas (1996) en falantes tanto do Porto coma de Lisboa.

trinta anos, e mesmo menos, [o] predominaba largamente sobre [ɔ], o qual se fazia notar e era sentido como próprio de idiolectos menos cuidados, mas, de então para cá, se tem propagado consideravelmente” (p. 352). Por outra parte, o escritor João de Araújo Correia repara nos cambios de pronuncia do *e* inicial (“[d]e todas as vogais portuguesas, a mais desgraçada”): “[t]oda a gente soube, até há pouco tempo, que o *e* inicial átono vale *i*. Hoje, pouca gente o sabe. Entre-se numa roda de doutores e pasme-se de ouvir o tristíssimo *e*, confundível com *i*, soar como *e* aberto de par em par (...). Dizem *èclecticos*, chamam aos padres *èclesiásticos*, ao equador... *èquador*, etc...”. (Correia [198?]).

Que estes cambios supoñen unha mudanza no sistema fonolóxico xa quedou claro nos traballos estruturais realizados sobre as falas galegas citados máis arriba. Outra cousa é achegar algunha explicación. Seguramente a preferencia polas vogais baixas nesta posición ten algunha relación coa prominencia prosódica do inicio de palabra, mostrada en portugués en diferentes traballos (Vigário 2003: 118-119), e que seguramente tamén se encontra en galego. Mais unha explicación que permita facer explícita a regra ou regras que gobernan estas realizacións aínda non foi elaborada.

3. A adaptación das consoantes oclusivas en coda silábica

Como se sabe, a formación da sílaba segue regras diferentes no galego tradicional e nas variedades cultas, que se caracterizan por incorporaren elementos das fonoloxías do latín, do grego clásico ou doutras linguas (Regueira 2002). Non se trata neste caso dunha evolución “natural” da lingua, senón da superposición doutro sistema parcialmente diferente, promovido polas elites sociais e difundidos a través do ensino, da cultura escrita e dos medios de comunicación.

Os falantes das variedades tradicionais adaptan as palabras novas adecuándoas ás regras da fonoloxía da lingua. Así, tomando o caso das oclusivas en posición de coda, como na fonoloxía tradicional non se admiten, adaptábanse frecuentemente por medio da súa substitución pola semivogal [w] ([ˈrɛkto] > [ˈrɛwto]). Aínda en tempos recentes quedaban restos destas adaptacións nas falas máis conservadoras (Taboada 1979: 86; Regueira 1989: 99-100). Esta substitución foi abandonada en tempos recentes en favor da supresión da consoante ([ˈrɛkto] > [ˈrɛto]).

Dentro do modelo da Fonoloxía da Optimidade pódense explicar estas modificacións como unha reordenación das constricións que rexen a formación da sílaba. Cínxome aquí ás constricións relevantes para este caso (McCarthy & Prince 1999; Prince & Smolensky 1993, 2004), que serían:

DEP-IO

Todo segmento da saída ten un correspondente na entrada (non epéntese fonolóxica).

MAX-IO

Todo segmento da entrada ten un correspondente na saída (non borrado fonolóxico).

IDENT-IO [+cons]

Os segmentos de saída correspondentes a segmentos de entrada [+cons] tamén son [+cons] (non modificación de trazos fonolóxicos).

*CODA-P(LOSIVE)

As oclusivas non están permitidas en coda. Esta constrición forma parte do grupo *CODA (As sílabas non teñen coda), que se subdivide en diferentes constricións (*CODA-PLOSIVE, *CODA-NASAL, etc.) segundo o modo e o lugar de articulación.

Así, a fonoloxía do galego tradicional que prefería as adaptacións con semivogal presenta a seguinte orde de constricións:

INPUT /ɾɛkto/

CANDIDATOS	DEP-IO	*CODA-P	MAX-IO	IDENT-IO
ɾɛk.to		*!		
ɾɛ.ke.to	*!			
ɾɛ.to			*!	
ɾɛw.to				*

Como sabemos, na lingua falada actual, en cambio, as oclusivas implosivas bórranse, debido a un cambio na prioridade das constricións:

INPUT /ɾɛkto/

CANDIDATOS	DEP-IO	*CODA-P	IDENT-IO	MAX-IO
ɾɛk.to		*!		
ɾɛ.ke.to	*!			
ɾɛ.to				*!
ɾɛw.to			*!	

Na lingua culta e formal mantéñense as oclusivas en posición de coda, o que implica que se produciu unha nova reorganización da orde de constricións: a cons-

trición que prohibe as oclusivas en coda baixa na escala, de xeito que [rɛk] é agora a sílaba preferida:

INPUT /rɛkto/

CANDIDATOS	DEP-IO	IDENT-IO	MAX-IO	*CODA-P
☞ rɛk.to				*
rɛ.ke.to	*!			
rɛ.to			*!	
rɛw.to		*!		

Son por tanto, tres ordes de construcións diferentes, o que vale por dicir tres fonoloxías diferentes, unha xa abandonada (*CODA-P >> MAX-IO >> IDENT-IO) e outras dúas que conviven, marcando niveis ou rexistros diferentes: *CODA-P >> IDENT-IO >> MAX-IO, para o galego popular e os rexistros informais, e IDENT-IO >> MAX-IO >> *CODA-P, para os rexistros formais da lingua culta.

4. A variación ditongo / hiato na prosodia da palabra

Outro dos aspectos en que se rexistran variacións no galego actual é no tratamento de certas secuencias vocálicas, que poden realizarse como secuencias vogal alta + vogal (hiato) ou como semivogal + vogal (ditongo), de maneira particular en palabras recentemente adaptadas. En moitos destes casos estas variacións están indicando a existencia de modificacións das regras fonolóxicas, neste caso das regras que ordenan a estrutura das unidades fonolóxicas superiores á sílaba, e en particular de regras que actúan no dominio da palabra fonolóxica.

Por tomar un caso, a variación descrita é frecuente no prefixo *dia-*. Nalgunhas palabras encontramos principalmente dous comportamentos diferentes nos informantes da enquisa (ao tratarse de voces cultas, non contamos con rexistros da lingua popular):

- i) [dia] en calquera posición:
[dia'lektɔ] > [dialektolo'fiã]; [di'aloʝo] > [dialo'ɣar]
- ii) [dia] ~ [dja] segundo a posición ([i] nas sílabas inmediatas ao acento, [j] en sílabas afastadas):
[dia'lektɔ] > [djalektolo'fiã]; [di'aloʝo] > [djalɔ'ɣar]

Tamén existe un terceiro comportamento, minoritario, do que non nos imos ocupar aquí: [dja] en todas as posicións ([dja'lektɔ] > [dja'lektolo'fia]; ['djalɔɣɔ] > [djalɔ'ɣar]).

Os datos de que dispoñemos, aínda sendo escasos en número, suxiren que o comportamento i) gaña terreo entre os novos falantes, en detrimento de ii). De ser así, estaríase a producir un cambio fonolóxico, aínda que é cedo para saber se chegará a xeneralizarse. A hipótese que avanzo aquí é que este cambio afectaría á construción da prosodia da palabra fonolóxica, e que se podería explicar por medio dunhas poucas construcións coñecidas (McCarthy & Prince 1993, 1999; Elenbaas & Kager 1999), que son as que actúan na estrutura prosódica da palabra *dialecto* [dia'lektɔ]:

FT-BIN

Todo pé métrico debe ser binario.

OO-IDENT (Output-to-Output Identity)

Unha raíz nunha palabra morfoloxicamente derivada ten que ser idéntica á súa base.

PARSE-σ

Toda sílaba debe integrarse nun pé métrico.

ALIGN(FT L, σ L)

O límite esquerdo de todo pé métrico coincide co límite esquerdo da palabra fonolóxica.

/dialekto/

CANDIDATOS	FT-BIN	PARSE	ALIGN
σ(di.a).(lek.to)			*
(dja).(lek.to)	*!		*
dja.(lek.to)		*!	*

O derivado *dialectoloxía* pode seguir dúas prosodificacións, segundo os falantes. Se as construcións prosódicas se sitúan por riba de IDENT o resultado será:

/dialektolofia/

CANDIDATOS	FT-BIN	PARSE	ALIGN	IDENT
(di.a).(lek.to).(lo).(fi.a)	*!		*	
(di.a).(lek.to).lo.(fi.a)		*!	*	
(di.a).(lek.(to.lo).(fi.a)		*!	**	
(di.a).lek.to.lo.(fi.a)		*!*		
σ(dja.lek).(to.lo).(fi.a)			*	*
(dja.lek).to.lo.(fi.a)		*!*		*
(dja).(lek.to).lo.(fi.a)	*!	*	*	*

Esta parece ser a situación do catalán estándar e do español (Cabré & Prieto 2004).

A maioría dos galegofalantes enquisados, non obstante, adhírese ao comportamento segundo, que resultaría de situar a constrición de fidelidade (IDENT) por riba das constricións prosódicas:

/dialektoloxía/

CANDIDATOS	FT-BIN	IDENT	PARSE	ALIGN
(di.a).(lɛk.to).(lo).(fi.a)	*!			*
☞ (di.a).(lɛk.to).lo.(fi.a)			*	*
(di.a).lɛk.(to.lo).(fi.a)			*	**!
(di.a).lɛk.to.lo.(fi.a)			**!*	
(dja.lɛk).(to.lo).(fi.a)		*!		*
(dja.lɛk).to.lo.(fi.a)		*!	**	
(dja).(lɛk.to).lo.(fi.a)	*!	*	*	*

Nestes falantes, por tanto, a fidelidade á forma base mantense aínda ao custo de violar as constricións prosódicas, e o “prefixo” mantense como bisílaba sen ter en conta a súa posición respecto do acento.

4. Conclusión

Sempre resulta difícil apreciar e analizar os cambios recentes que se producen nas linguas, e sobre todo cando estes aínda non están concluídos. Esta dificultade parece aínda maior no terreo da fonoloxía, en que a variación é maior e moitas veces difícil de ordenar segundo parámetros que permitan o seu estudo, de maneira especial nunha sociedade nunha situación lingüística moi rica en variedades, con grupos sociais que seguen orientacións normativas diverxentes, como é o noso caso.

Neste traballo avanzamos tres cambios fonolóxicos recentes do galego, en tres niveis diferentes da fonoloxía: nos segmentos, na sílaba e na palabra fonolóxica. Os dous primeiros están concluídos ou case concluídos, aínda que perviven rastros da situación anterior nalgúns falantes conservadores. O terceiro aínda está a desenvolverse e del só se poden avanzar hipóteses. En calquera caso, mostramos que todos tres implican cambios na gramática da lingua.

Son, creo, casos en que a influencia do español non representa ningún papel, senón que obedecen a dinámicas propias da lingua, nuns casos internas (vogais, ditongos) e noutros por agregación externa de variedades altas (oclusivas). Esta afirmación

parece evidente no primeiro caso, xa que o desenvolvemento dun sistema de sete vogais pretónicas é diverxente co sistema fonolóxico do español, e ademais encontra interesantes paralelos no portugués actual. Os cambios na estrutura da sílaba, debidos á importación de modelos silábicos latinos e gregos, é paralela aos que se produciron pola mesma causa en portugués e español, e está motivado polo seguimento que o estándar galego fixo dos estándares destas linguas (e doutras próximas). Respecto do terceiro e último cambio non hai indicios que o ligen a un desenvolvemento paralelo do español, que parece presentar outra situación.

Referencias bibliográficas

- Barbosa, J. Morais (1988): Notas sobre a pronúncia portuguesa nos últimos cem anos. *Biblos* 64, 329-382.
- Cabré, T. & P. Prieto (2004): Prosodic and analogical effects in lexical glide formation in Catalan. *Probus* 16, 113-150.
- Carballo Calero, R. (1974): *Gramática elemental del gallego común*. 4ª ed. Vigo: Galaxia.
- Correia, J. de Araújo [198?]: Pobre vogal. *A língua portuguesa*. Lisboa: Verbo. Consultable en liña: ciberduvidas.sapo.pt/antologia/araujo.html (xaneiro 2007).
- Couceiro, J. L. (1976): *El habla de Feás*. Anexo 5 de Verba. Santiago de Compostela.
- Elenbaas, N. & R. Kager (1999): Ternary rhythm and the *LAPSE constraint. *Phonology* 16, 273-330.
- Houdebine, A.-M. (1985): Pour une linguistique synchronique dynamique. *La Linguistique* 21, 7-45.
- Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 1. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Mascarenhas, M. I. de Vilhena (1996): *Estudo da variação dialectal entre Lisboa e Porto das vogais átonas [-rec] e [+arred] em contexto inicial*. Diss. de Mestrado. Faculdade de Letras, Univ. de Lisboa.
- McCarthy, J. J. & A. Prince (1993): Generalized alignment. G. Booij & J. van Marle (eds.): *Yearbook of morphology*. Dordrecht: Kluwer, 79-153 [ROA-7].
- McCarthy, J. J. & A. Prince (1999): Faithfulness and identity in prosodic morphology. R. Kager, H. van der Hulst & W. Zonneveld (eds.): *The prosody-morphology-interface*. Cambridge: Cambridge University Press, 218-309 [ROA-216].
- Porto Dapena, J. A. (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de Verba. Santiago de Compostela.
- Prince, A. & P. Smolensky (1993): *Optimality theory: constraint interaction in generative grammar*. Technical report. New Brunswick, NJ: Rutgers University [ROA-537].
- Regueira Fernández, X. L. (1989): *A fala do norte da Terra Cha. Estudio descriptivo*. Tese de doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.

- Regueira [Fernández], X. L. (2002): A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía. R. Lorenzo (ed.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: Universidade, 235-254.
- Santamarina Fernández, A. (1972): *El habla del valle del Suarna*. Tese de doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- Santamarina [Fernández], A. (1974): *El verbo gallego*. Anexo 4 de Verba. Santiago de Compostela.
- Taboada, M. (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de Verba. Santiago de Compostela.
- Veiga, A. (1965): Fonología gallega. Fonemática: el sistema vocálico. *Grial* 10, 390-403.
- Veiga, A. (1976): *Fonología gallega*. Valencia: Bello.